

## SPANISH UNIVERSITIES FOR EU PROJECTS.

### Proxecto financiado para a mobilidade do estudantado de educación superior en prácticas KA1 Erasmus+ 2018.

#### Obxectivo.

O desenvolvemento profesional no ámbito de proxectos europeos polos estudantes e recién egresados.

#### Estudantes elexíbeis.

- Non ter recibido becas Erasmus + durante máis de 10 meses no mesmo ciclo de estudos, mesmo as mobilidades "beca cero".
- A duración das mobilidades Erasmus+ recibidas (por ciclo de estudos) e a mobilidade do presente proxecto non poderá superar os 12 meses, mesmo as mobilidades "beca cero".
- Non recibir outras subvencións da UE durante a mobilidade.
- Acreditar coñecementos lingüísticos de polo menos un nivel B1 ou equivalente en inglés (as organizacións anfitrionas poden requirir coñecementos de idiomas superiores).
- Ter superado polo menos o 50% dos créditos de grao. Os estudantes que teñan máis de 60 créditos superados, pero non cumpran o requisito anterior, deberán comunicarse co departamento de internacional da súa universidade para valorar a súa elexibilidade.

*O estudantado que finalice os seus estudos durante o curso académico do proxecto, deberán levar a cabo e completar o período de prácticas no estranxeiro no prazo dun ano a partir da obtención do título.*

*Priorizaráse aos estudantes que no disfrutaran dunha beca Erasmus+ prácticas con anterioridade.*

#### Organizacións de acollemento elexíbeis.

- Unha empresa (incluídas las empresas sociais).
- Un organismo público a nivel local, rexional ou nacional.
- Un interlocutor social ou outro representante da vida laboral, mesmo as cámaras de comercio, asociacións profesionais e sindicais.
- Un instituto de investigación.
- Unha fundación.
- Unha escola/instituto/centro educativo (en calquera nivel, desde a educación preescolar até a educación secundaria superior, mesmo a formación profesional e a educación para adultos).
- Unha organización sen ánimo de lucro, asociación, ONG.
- Un organismo que ofrece orientación profesional, asesoramento profesional e servizos de información.

## Financiamento.

	Estado de destino	Importe /mes
<b>Grupo 1</b> Estados do programa co custo da vida máis elevados	Dinamarca, Finlandia, Irlanda, Islandia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Reino Unido, Suecia.	<b>400€</b>
<b>Grupo 2</b> Estados do programa co custo da vida medios	Alemaña, Austria, Bélxica, Chipre, España, Francia, Grecia, Italia, Malta, Países Baixos, Portugal	<b>350€</b>
<b>Grupo 3</b> Estados do programa co custo da vida máis baixos	Macedonia, Bulgaria, Croacia, Eslovaquia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Polonia, Chequia, Romaía, Turquía.	<b>300€</b>

## Datas e duración.

**Fase de inscrición do alumnado:** 8 de outubro ao 2 de novembro.

**Fase de selección da entidade de acollida:** 12 ao 7 de decembro.

*Durante este período os solicitantes deberán atopar unha organización de acollemento no que desenvolver a súa mobilidade.*

**Fase de prácticas:** 1 de febreiro ao 31 de decembro do 2019

**Duración das prácticas:** desde un mínimo de 2 meses completos e consecutivos até un máximo de 12 meses por ciclo de estudos.

## Selección.

- A selección basearase nos seguintes elementos:
- CV e carta de presentación (máximo 10 puntos)
- Obxectivos e tarefas descritos na carta de aceptación (máximo 10 puntos)
- Nivel de idiomas (máximo 10 puntos)

## Información completa en:

[http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/modulos/novidades/news\\_0162.html](http://www.usc.es/gl/centros/ecoade/modulos/novidades/news_0162.html)

Xoán Bascuas.  
Coordinador de Mobilidade Internacional.

11 de outubro de 2018.